




Especial Día das Letras Galegas

O pasado xoves día 21 de maio, en conmemoración do Día das Letras Galegas, que este ano se dedicaba a Xosé Filgueira Valverde, os nosos sabios e sabias decidiron facer unha xornada especial de literatura galega. Mais como o noso grupo éche moi aberto e non nos gusta poñer trabas decidimos que cada uno de nos trouxese uns libros en galego, aqueles dos que gardan un bo recordo ou lembran especialmente por algún motivo.





A nosa primeira sabia, madrileña de nacemento, deleitounos con un compendio de lendas e mitoloxía moi singular. *Vento e chuvia. Mitoloxía da antiga Gallaecia*, de Manuel Gago. Libro descoñecido para o resto, mais que fixo medrar en nós o verme da curiosidade. Por unha parte grazas as historias de deuses e homes ambientados na Idade de Ferro, mais por outra parte integradas por unhas magníficas ilustracións de Manel Cráneo.

E non podía faltar un clásico que de seguro todos lembramos: *Memorias dun neno labrego*, de Xosé Neira Vilas. A historia do pequeno Balbino, un neno labrego e pobre, ambientada en un lugar moi concreto na comarca do Deza e nunha época moi concreta, onde se pretende dar unha visión da vida cotiá de entón e coa que algunha das nosas sabias se sentía moi identificada: ese rebusque despois dunha festa ou mesmo o concepto de morte e loito.



O noso seguinte libro foi *Herba Moura*, de Teresa Moure. Aínsa Andrade está a facer unha tesis sobre René Descartes pero pronto decide proseguir a súa investigación gracias a cartas, recetarios, e herbarios, e centrarse na amante de este, Héléne Jans, unha meiga que se convertirá en protagonista do libro. Tamén será importante a aparición da raiña Cristina de Suecia vinculada a figura de Descartes, quedando este relegado a un segundo plano.

E como na variedade está a sabiduría, unha das nosas sabias tróuxonos poesía en galego. *De Catro a Catro* do rianxeiro Manuel Antonio. Xa o día o autor cando se refire a el como *follas sin data de un diario de abordo*. Trátase de un conxunto de dezanove poemas, dentro da corrente vangardista, que teñen unha estrutura moi vinculada o paso do tempo en alta mar, mais tamén o paso da vida: as intencións primeiras da viaxe, a travesía, as gardas de doce a catro, a calma de 6 a 8, a recalada, o reverso da noite ou o adeus final.



E como punto final da xornada, cambiamos de xénero. É a quenda de M^a Victoria Moreno, nacida en Cáceres mais galega de sentimento. O seu libro *Anagnórise* éche unha historia de amor ben particular. Nicolau, un rapaz que para esquecer a súa exmoza decide marchar de Galicia e dirixirse a Madrid. E facendo autostop, recólleo una muller coa que durante varias horas conversarán, intercambiarán pensamentos, opinións e Nicolau irá madurando. Xa en Madrid cae na conta de que non sabe o nome deste muller. ¿Conseguirá saber quen era esta muller?